

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Decreto 190/2006, do 26 de outubro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto da travesía na estrada provincial 3004 de Cabanas ao Martinete, punto quilométrico 0,3 ao punto quilométrico 1,4.*

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día trinta de xuño de dous mil cinco, aprobou o proxecto da travesía na estrada provincial 3004 de Cabanas ao Martinete, punto quilométrico 0,3 ao punto quilométrico 1,4 e, na sesión do vinte e sete de outubro de dous mil cinco, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

O dito expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

O expediente foi tratado na comisión correspondente previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O expediente contén a documentación a que se refire o artigo 1 da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinala a deputación, a actuación é necesaria co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, debido á existencia, entre outros extremos, de curvas perigosas con pequeno raio, edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do piso, o largo da calzada, de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, e a intensidade media do tráfico.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia

na súa reunión do día vinte e seis de outubro de dous mil seis

**DISPOÑO:**

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto da travesía na estrada provincial 3004 de Cabanas ao Martinete, punto quilométrico 0,3 ao punto quilométrico 1,4, debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes no presente caso, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte e seis de outubro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS  
E TRANSPORTES**

*Orde do 13 de outubro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2006 a concesión de axudas aos transportistas autónomos por estrada de Galicia que abandonen a actividade.*

Un dos problemas que sofre o transporte público de mercadorías por estrada é a elevada idade dos transportistas autónomos. Tendo en conta que este problema se debe, en parte, á falta de recursos necesarios das persoas que desenvolveron esta actividade para poder abandonala, procede adoptar as medidas necesarias para abordar a dita situación.

Neste sentido, o Ministerio de Fomento, mediante Orde do 9 de decembro de 2005, estableceu as bases reguladoras da concesión de axudas ao abandono da actividade para transportistas autónomos, aínda que as ditas axudas non abranguen transportistas titulares de autorizacións de ámbito provincial ou autonómico obtidas ao amparo da normativa galega, en contraposición cos transportistas galegos con autorizacións outorgadas ao amparo da normativa

estatal, que si tiñan dereito á obtención das axudas mencionadas.

Coa regulación contida nesta orde preténdese, por un lado, completar e aumentar as axudas económicas dos transportistas beneficiados pola orde estatal e, por outro, establecelas para os transportistas titulares de autorizacións de ámbito autonómico, provincial ou local obtidas ao amparo da normativa galega para, deste modo, facilitar o abandono da actividade, sen distincións, a todos os autónomos maiores de sesenta anos dedicados á actividade de transporte público de mercadorías por estrada con autorizacións domiciliadas na comunidade galega, dentro do marco legal establecido polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa consecuencia, de acordo co disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto das axudas.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas a fomentar o abandono da profesión dos transportistas de idade avanzada do sector do transporte público de mercadorías por estrada con domicilio en Galicia.

##### Artigo 2º.-Normas aplicables.

As solicitudes que se presenten, así como a tramitación e concesión das referidas axudas, axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nesta orde.

##### Artigo 3º.-Financiamento.

Para a concesión das axudas reguladas na presente orde existe crédito adecuado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 2006.08.04.413A.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, por un importe máximo de 120.000 euros, todo isto sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con calquera outra outorgada por outros departa-

mentos, administracións ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais.

##### Artigo 4º.-Criterios de valoración.

1. No outorgamento destas axudas teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

A maior idade dos transportistas que as soliciten.

O número de autorizacións ás que se renuncia.

O maior ámbito das autorizacións.

Clase de autorizacións, dándose preferencia ás referidas a vehículos pesados.

2. A ponderación dos devanditos criterios levarase a cabo da seguinte maneira:

Elaborarase unha relación de posibles beneficiarios por orde descendente de idade; aos titulares dalgunha autorización para vehículo pesado de ámbito estatal computaráselles un ano máis de idade para estes efectos; aos titulares dalgunha autorización para vehículo pesado de ámbito territorial ou comarcal, un semestre e, por último, aos titulares de autorización para vehículo pesado de ámbito local ou provincial ocuparán un lugar anterior aos da súa mesma idade que sexan titulares de autorización para vehículo lixeiro.

As axudas outorgaranse aos que ocupen os primeiros lugares na relación de beneficiarios así elaborada.

##### Artigo 5º.-Contías.

1. As axudas outorgaranse de acordo cunha consignación orzamentaria máxima de 120.000 €, todo isto sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

As contías para cada beneficiario serán de 3.000 € por expediente, sexan unha ou dúas as autorizacións ás que se renuncie.

Non se poderá outorgar axuda ningunha se o 1 de xuño do ano en que se solicita faltan menos de seis meses para cumprir os sesenta e cinco anos.

2. Coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación, de conformidade co previsto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Con idéntico fin, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes publicará na súa páxina web oficial o texto íntegro da convocatoria das axudas e a concesión correspondente, indicando para estes efectos a relación de beneficiarios, o importe das axudas e a identificación da normativa reguladora.

#### Artigo 6º.-Requisitos xerais dos beneficiarios.

Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Teren sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Teren solicitado a declaración de concurso, teren sido declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, estar suxeitos á intervención xudicial ou teren sido inhabilitados conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Teren dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, nos termos nela establecidos ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non se atoparen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non encontrarse ao corrente do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h) Teren sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lexislación xeral de subvencións ou de carácter tributario.

Artigo 7º.-Requisitos relacionados coa actividade de transportista.

O outorgamento destas axudas estará condicionado ao cumprimento polos beneficiarios, na data de presentación da solicitude, dos seguintes requisitos:

a) Seren transportistas autónomos domiciliados en Galicia, con idade superior ou igual aos sesenta anos e inferior aos sesenta e cinco, titulares, de forma ininterrompida, durante os dez últimos anos dun máximo de dúas autorizacións de transporte público de mercadorías para vehículo con capacidade de tracción propia, incluídas as da clase TD.

Durante o dito período os transportistas deberán ter sido titulares en todo momento de, polo menos, unha autorización non suspendida das indicadas, permitíndose unicamente unha soa interrupción na dita titularidade por un prazo que non supere un mes.

Así mesmo, os beneficiarios poderán ter sido titulares doutras autorizacións de transporte público distintas das citadas, pero só se permitirá ter sido titular de tres autorizacións das clases indicadas unha soa vez e por un prazo que non supere un mes.

b) Estaren dados de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social os últimos dez anos de forma ininterrompida, permitíndose unicamente unha soa interrupción por un prazo que non supere un mes.

c) Comprometerse a abandonar a actividade de transporte público en nome propio, procedendo á renuncia de todas as autorizacións de que fose titular, obrigándose a devolver as axudas obtidas e os correspondentes xuros no caso de reiniciala.

#### Artigo 8º.-Solicitudes.

1. As persoas que desexen obter as subvencións deberán solicitalo por escrito, de conformidade co modelo que figura como anexo I desta orde, dirixido ao director xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Xunto ao mencionado escrito, os interesados deberán achegar os documentos enumerados no anexo II desta orde, todo isto para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos necesarios para o outorgamento da axuda solicitada.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación das solicitudes efectuarase no rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes nos servizos centrais (complexo administrativo de San Caetano s/n, Santiago de Compostela) ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Xunto coa solicitude unirase a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI e do NIF ou CIF, cando corresponda, do solicitante.

-Certificación bancaria do número de conta do solicitante.

-Certificación acreditativa de non ter débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e coa Comunidade Autónoma de Galicia, e copia compulsada do último recibo do IAE ou da alta nel, de non se ter devengado aínda ningún recibo por razón deste imposto.

-Certificación emitida polo Servizo Provincial de Transportes competente acreditativa de ser titular durante os últimos dez anos, de forma ininterrompida, da autorización ou autorizacións sinaladas no artigo 7º a).

-Fotocopia compulsada do permiso de condución ou declaración responsable en que se indique que non é o seu titular.

-Certificado ou informe da vida laboral que acredite estar en alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social durante os últimos dez anos continuados.

-Fotocopia compulsada da autorización ou autorizacións de transporte vixentes en relación coas que se solicite a axuda.

-Declaración responsable ante autoridade administrativa ou notario de non estar incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 6º. O que se acredite mediante testemuño xudicial ou documento administrativo non haberá de figurar na declaración.

4. Recibida a solicitude coa correspondente documentación, a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte poderá requirir o interesado para que, no prazo de dez días, agás que expresamente se lle conceda outro maior, emende as deficiencias observadas ou achegue a documentación e información que se considere necesaria para a adecuada resolución da petición, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición.

#### Artigo 9º.-Procedemento.

O procedemento de outorgamento das axudas tramitarase en réxime de concorrència competitiva e a súa ordenación e instrución realizaráa a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte.

A avaliación das solicitudes presentadas e a elaboración da correspondente proposta de resolución

corresponderalle a unha comisión de valoración, que funcionará como órgano colexiado segundo se establece no artigo 78.8º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A dita comisión estará composta por tres vogais designados polo director xeral de Transportes de entre o persoal dependente da dirección xeral con nivel de xefe de servizo ou superior.

#### Artigo 10º.-Outorgamento.

As axudas serán outorgadas mediante resolución do director xeral de Transportes, adoptada por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. A resolución motivarase facendo referencia aos criterios de valoración que se seguisen e á súa ponderación, e deberá conter a relación de beneficiarios que obtivesen a subvención e a contía que corresponda a cada un. Así mesmo, indicarase, de maneira expresa, que o resto das solicitudes foron desestimadas. A dita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Sen prexuízo do anterior, a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte, coa finalidade de incorporar ao procedemento a documentación necesaria para proceder ao pagamento da subvención, requirirá individualmente as persoas que resultasen beneficiarias.

O prazo para resolver e publicar a resolución será dun mes contado desde o día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes que se establece no artigo 8.2º desta orde; transcorrido este prazo sen que a resolución fose publicada, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude.

A resolución do director xeral de Transportes porá fin á vía administrativa e contra ela os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ou, directamente, contencioso-administrativo.

#### Artigo 11º.-Requisitos para o pagamento.

Outorgada a axuda, para proceder ao seu cobramento deberá acreditarse o abandono da actividade cumpríndose os seguintes requisitos:

a) O beneficiario deberá renunciar á autorización ou autorizacións que deron lugar ao outorgamento da axuda e a todas aquelas de transporte público de que fose titular, acreditando a súa baixa por renuncia ao exercicio da actividade.

b) Deberá comprometerse formalmente a abandonar con carácter definitivo o exercicio da actividade de transporte en calidade de empresario, así como, se é o caso, a non achegar a súa capacitación profesional a outra empresa de transporte.

c) No caso de ser titular de permiso de condución válido para vehículo pesado, deberá renunciar a el na Xefatura de Tráfico correspondente.

Os beneficiarios deberán achegar a documentación que se relaciona no anexo III desta orde no prazo que se fixase na resolución de outorgamento. En calquera caso, o referido prazo deberá permitir que as actuacións relativas á fase de ordenación de pagamentos se practiquen dentro do vixente exercicio orzamentario. Se non se achegase a dita documentación no prazo indicado quedará sen efecto a resolución de outorgamento.

Artigo 12º.-Comprobacións e obrigas dos beneficiarios.

Antes de aboar as subvencións comprobarase que no rexistro xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte se anotaron a baixa da autorización ou autorizacións e se efectuou, se é o caso, a anotación correspondente en relación coa capacitación profesional do beneficiario, para impedir que poida achegarse a outra empresa de transporte.

Artigo 13º.-Condicionantes.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a lle comunicar á Dirección Xeral de Transportes calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou a correcta aplicación da concesión outorgada.

2. Os beneficiarios das subvencións non poderán alterar de ningún xeito a súa finalidade, para o cal a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos fundamento da concesión.

3. Os solicitantes e beneficiarios das subvencións deberán permitir que a dita dirección xeral realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas; tamén facilitarán toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das axudas.

4. O incumprimento de calquera obriga mencionada nesta orde poderá ser causa determinante da revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, das subvencións percibidas e dos xuros de demora correspondentes, todo isto de acordo e

nos termos previstos polo artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O incumprimento da obriga de renunciar ao permiso de condución para vehículo pesado ou a súa

obtención posterior tendo renunciado a el para obter estas axudas dará lugar ao reintegro das cantidades obtidas en virtude dos semestres que lle falten ao transportista para cumprir a idade de sesenta e cinco anos.

Artigo 14º.-Réxime xurídico dos recursos.

1. A convocatoria destas axudas, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As resolucións expresas ou desestimacións presuntas recaídas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interperse potestativamente recurso de reposición ante a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá deducirse directamente o correspondente recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. Igualmente, os beneficiarios das subvencións reguladas por esta orde quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e ao previsto polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposición adicional*

Única.-Delegación de competencias.

Delégase no director xeral de transportes a competencia para resolver os procedementos de concesión das axudas reguladas nesta orde, así como para resolver os procedementos de reintegro.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Aplicación.

Facúltase o director xeral de Transportes para adoptar as medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2006.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial,  
Obras Públicas e Transportes

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE  
 POLÍTICA TERRITORIAL,  
 OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS AOS TRANSPORTISTAS AUTÓNOMOS POR ESTRADA DE GALICIA QUE ABANDONEN A ACTIVIDADE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>OT314A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

DON/DONA		DNI	
DOMICILIO	LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELEFONO	

**EXPÓN:**

Que á vista da Orde do 13 de outubro de 2006 da Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Transportes pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2006 a concesión de axudas aos transportistas autónomos por estrada de Galicia que abandonen a actividade, considerando que reúne os requisitos exixidos, segundo deriva dos documentos que se xuntan, e coa expresa aceptación de todos os termos da citada convocatoria.

**SOLICITA:**

O outorgamento da correspondente subvención por abandono da actividade de transportista renunciando á totalidade de autorizacións de transporte público de que é titular.

EXI XIACION APICABLE <i>Orde do 13 de outubro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2006 a concesión de axudas aos transportistas autónomos por estrada de Galicia que abandonen a actividade.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
ELUGAR, DATA E SINATURA DO A SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAIDA

Director xeral de Transportes

*ANEXO II***XUNTO COA SOLICITUDE O PETICIONARIO DEBERÁ ACHEGAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

1. FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI E DO NIF OU CIF, CANDO CORRESPONDA, DO SOLICITANTE
2. CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA DO SOLICITANTE
3. CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL, COA AXENCIA TRIBUTARIA E COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, E COPIA COMPULSADA DO ÚLTIMO RECIBO DO IAE OU DA ALTA NEL, DE NON TER DEVENGADO AÍND A NINGÚN RECIBO POR RAZÓN DESTE IMPOSTO
4. CERTIFICACIÓN EMITIDA POLO SERVIZO PROVINCIAL DE TRANSPORTES COMPETENTE, ACREDITATIVA DE SER TITULAR DURANTE OS ÚLTIMOS DEZ ANOS, DE FORMA ININTERROMPIDA, DA AUTORIZACIÓN OU AUTORIZACIÓNS SINALADAS NO ARTIGO 7 A)
5. FOTOCOPIA COMPULSADA DO PERMISO DE CONDUCCIÓN OU DECLARACIÓN RESPONSABLE EN QUE SE INDIQUE QUE NON É O SEU TITULAR
6. CERTIFICADO OU INFORME DE VIDA LABORAL QUE ACREDITE ESTAR EN ALTA NO RÉXIME DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS DA SEGURIDADE SOCIAL DURANTE OS ÚLTIMOS DEZ ANOS CONTINUADOS
7. FOTOCOPIA COMPULSADA DA AUTORIZACIÓN OU AUTORIZACIÓNS DE TRANSPORTE VIXENTES EN RELACIÓNS COAS QUE SE SOLICITA A AXUDA
8. DECLARACIÓN RESPONSABLE ANTE A AUTORIDADE ADMINISTRATIVA OU NOTARIO, DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS RECOLLIDAS NO ARTIGO 6. O QUE SE ACREDITE MEDIANTE TESTEMUÑO XUDICIAL OU DOCUMENTO ADMINISTRATIVO NON HABERÁ DE FIGURAR NA DECLARACIÓN

*ANEXO III***DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ ACHEGAR UNHA VEZ CONCEDIDA A SUBVENCIÓN, PARA OS EFECTOS DE QUE SE POIDA EFECTUAR O PAGAMENTO**

1. DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPROMETÉNDOSE AO ABANDONO DEFINITIVO DA ACTIVIDADE DE TRANSPORTE PÚBLICO EN CALIDADE DE EMPRESARIO
2. SE É O CASO, DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPROMETÉNDOSE A NON UTILIZAR O TÍTULO DE CAPACITACIÓN PROFESIONAL NOUTRA EMPRESA DE TRANSPORTE
3. NO CASO DE SER TITULAR DO CORRESPONDENTE PERMISO DE CONDUCCIÓN, XUSTIFICANTE DA RENUNCIA DEFINITIVA AO PERMISO DE CONDUCCIÓN VÁLIDO PARA VEHÍCULOS PESADOS DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E/OU AUTOBUSES OU FOTOCOPIA COMPULSADA DO NOVO PERMISO DE CONDUCCIÓN

**AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

*Resolución do 26 de outubro de 2006 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.*

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a

méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu articulado a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como órgano encargado de realizar a valoración previa da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado decreto.

Coa aprobación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro) pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión